

## “Circe” por Adina Ioana Vladu

MARCELA BAO

### CIRCE

Nacín nunha illa no medio da inmensidade azul,  
irmá das sereas de canto mortalmente sedutor.

Son Circe, a branca Circe de longas trenzas,  
a feiticeira -

chámanme.

Din algúns que converto homes en porcos -  
eu? tan só lles mostro o espello.

Chámanme Circe, a feiticeira:

din que teño unha cama-enredadeira  
onde o tempo se dilata para os que saben amar  
e para os viaxeiros que saben que a meta é a viaxe.

Chámanme Circe, murmuran o meu nome

- amedrentados -

pois din que de noite lles aprendo as mozas

facer dos seus brazos apertas infindas

e mais enredadeiras dos seus corpos

universos en espiral

bordar o mundo polo día e o alén pola noite

tecerse unhas a outras como irmás e nunca destecerse

navegar no pracer e na poesía

ata que os Odiseos do mundo entendan e abandonen as viaxes,

as Ítacas incertas e a procura da gloria e da vida perpetua

a favor da única certeza

que existe.

“Circe”, de Adina Ioana Vladu, é un poema sobre o mito de Circe recreado desde unha sensible e intelixente perspectiva contemporánea, feminista e libertaria, na liña doutras composicións da autora, intelectual transilvana afincada en Galicia e na lingua galega.

En efecto, Adina Ioana Vladu, natural de Vulcan (Transilvania), escribe e recita poesía en romanés e en galego. Deuse a coñecer declamando na súa lingua materna, en recitais multilingües de “A cabeleira”, do poeta galego Claudio Rodríguez Fer, e logo

participou en encontros diversos en España e Romanía. Traducida ao castelán, está antologada nos libros de temática erótico-amorosa *Imposible no comerse* (2019) e *De las sogas de la felicidad, el amor, por ejemplo* (2020) de Antonino Nieto Rodríguez.

Moi significativamente, é autora de versións ao galego de poetas romaneses como Lucian Blaga, Tristan Tzara, Zaharia Stancu, Nina Cassian, Nichita Stănescu, Marin Sorescu ou Iv cel Naiv en *Calidoscopio romanés* (Unión Libre, 2018) e ao romanés de poetas galegos como Rosalía de Castro, para a web da Fundación que leva o nome desta escritora, ou Claudio Rodríguez Fer, no poemario bilingüe *Máis alá do bosque / Dincolo de pădure* (A Tola Soñando, 2018). Como tradutora profesional, traduciu do castelán ao romanés, entre outros textos, a novela *Aire de Dylan*, de Enrique Vila-Matas (*Sub semnul lui Dylan*, 2015).



Adina Ioana Vladu

E, tamén moi significativamente, ocupouse en especial da poesía da polifacética escritora romanesa Nina Cassian, por exemplo no encontro “Seis poetas universais en seis linguas románicas” organizado en 2018 pola Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela, ou nas súas disertacións de enfoque traditolóxico en simposios de España e Portugal.

Aínda que o mito de Circe que trata neste poema ten un perfil eminentemente sedentario, a formación e a vida da autora foron ata agora internacionalmente nómades, pois, ademais de ser licenciada e doutora en Lingüística pola Universidade de Bucarest, onde exerceu varios anos a docencia, ten realizado un intercambio na Universidade de Rochester (Nova York), así como completou a súa formación na Cátedra de Altos Estudos do Español da Universidade de Salamanca e no Master de Lingua e Literatura Inglesas da Universidade de Santiago de Compostela.

En Galicia traballou como profesora e tradutora de inglés, romanés, castelán, galego e portugués e actualmente é investigadora en Terminoloxía no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Investigou e publicou artigos na área de Lingüística Comparada, unha especialidade que converxe esencialmente coa interculturalidade europea do poema en cuestión, pois trátase da revisión en lingua galega dun mito grego feito por unha escritora romanesa.

Como é sabido, Circe preséntase na mitoloxía grega como unha feiticeira que habita nunha illa e que é capaz de transformar en animais aos seus inimigos, polo que o seu pazo en medio do bosque estaba franqueado por lobos e leóns, mentres ela se dedicaba a tecer. Na *Odisea* de Homero converte en porcos aos mariñeiros que desembarcan na súa illa da nave capitaneada por Ulises, a quen non pode transformar e de quen se namora (de feito, Hesíodo conta na *Teogonía* que tivo tres fillos con el). Mais, despois de retelo por un ano, decide axudalo a regresar a súa Ítaca, propoñéndolle posibles rutas marítimas e avisándoo dos seus grandes perigos.

Na primeira parte do poema “Circe”, Adina Ioana Vladu presenta en primeira persoa ao personaxe homónimo, que se remonta a unha illa remota con todas as connotacións cromáticas de espazo intuitivamente ilimitado e de tempo aparentemente suspendido, ambos propicios ao infinito e á eternidade: “Nacín nunha illa no medio da inmensidade azul”. E, tamén en primeira persoa, Circe proclámase maga ou meiga en suxestiva etopea allea (“a feiticeira - chámame”) e muller cabeluda en sedutora prosopografía (“Son Circe, a branca Circe de longas trenzas”), ademais de declararse perigosa “irmá das sereas de canto mortalmente sedutor” (o canto que na *Odisea* terá que afrontar Ulises).

Tras este sensual autorretato concordante co mito clásico, a autora utiliza unha humorística e demoledora ironía para transformar o suposto poder metamórfico da feiticeira en perspectiva feminista de lúcida muller consciente, pois non mostra a Circe dotando de dimensión porcina aos homes, senón a estes descubríndoa no espello que ela lles mostra: “Din algúns que converto homes en porcos - eu? tan só lles mostro o espello.” A autoexculpatoria interrogación retórica é tan irónica como indiscutible.

Seguidamente, “Chámame Circe” repítese dúas veces máis a xeito de epímona que dialoga coa declaración inicial “Son Circe”, todas autoafirmacións filtradas e limitadas pola perspectiva allea, sempre mitificadora, pero tamén mistificadora, coas que así parece gardar prudencial distancia. Mais nos catro versos do fragmento iniciado por “Chámame Circe, a feiticeira”, o suxeito lírico parece asumir con orgullo e satisfacción a atribución de que ten unha metafórica “cama-enredadeira / onde o tempo se dilata para os que saben amar”, pois nela quedarían prendados os seus amantes, “e para os viaxeiros que saben que a meta é a viaxe”, onde quedarían prendidos os viaxeiros.

A última parte do poema iníciase cun distanciamento da temerosa e desconfiada opinión allea: “Chámame Circe, murmuran o meu nome / -amedrentados-“. Pero axiña se retoma a metáfora da enredadeira, convertida agora en alegoría clandestina das artes amatorias que transmite á mocidade feminina: “din que de noite lles aprendo as mozas / facer dos seus brazos apertas infindas / e mais enredadeiras dos seus corpos”. Corpos polo demais metonimicamente animados e ensarillados como “universos en espiral”, pois trátase de mundos conectados corporeamente, pero tamén cosmicamente proxectados nas súas elipses sen límites.

O motivo do tecido, asociado a tantos personaxes femininos da mitoloxía grega, como Aracné, Circe ou Penélope, aparece no poema en solidaria sororidade erótico-amatoria: “bordar o mundo polo día e o alén pola noite / tecerse unhas a outras como irmás e nunca destecerse”. Estas irmás amantes son cómplices na utopía de “navegar no pracer e na poesía” e na procura dun mundo onde prime o que verdadeiramente importa, que non fai falta buscar fóra porque está dentro de nós, mensaxe metafórica de formulación homérica destinada sobre todo aos homes, pois a harmonía total non terá lugar “ata que os Odiseos do mundo entendan e abandonen as viaxes, / as Ítacas incertas e a procura da gloria e da vida perpetua”.

Por iso o remate deste poema en versos libres, que non o son só pola súa factura fónica, non pode resultar máis sinxelo nin máis fondo, na medida que está vivido, pensado e escrito “a favor da única certeza / que existe”, certeza que por suposto só parece alcanzarse a través da auténtica unión dos corpos no libre paraíso do amor.